



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA AXENCIA
TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DE TERRAS DE PONTEVEDRA PARA A
REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NA COMARCA DE
PONTEVEDRA.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Mancomunidade de Terras de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á súa sinatura ata o 15 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Mancomunidade Terras de Pontevedra, para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do Turismo que inclúa a realización das seguintes actuacións:

1. IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE NOVAS TECNOLOXÍAS
2. PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DO PRODUTO
3. ACTUACIÓNS EN MATERIA DE PRODUTO TURÍSTICO
4. XESTIÓN E COORDINACIÓN DAS ACTUACIÓN DA MANCOMUNIDADE: ASISTENCIA TÉCNICA PREPARACIÓN, EXECUCIÓN E COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o





órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo, e de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación en común, de obras, servizos e actividades da súa competencia.

Terceiro.- A Mancomunidad de Terras de Pontevedra é unha administración pública de carácter local composta polos concellos de: Pontevedra, Marín, Poio, Pontecaldelas, Vilaboa, Cotobade, Barro e Campo Lameiro, e nos seus estatutos establécense como fins da mesma entre outros “Turismo: fomento y explotación del turismo”.

Cuarto.- As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo da Mancomunidad de Terras de Pontevedra contribúen á potenciación do Turismo na área do Xeodestino que integra esta Mancomunidad e supón unha continuación da colaboración entre ambas entidades realizadas a través do Plan de Dinamización Turística desenvolvido nesta área.

O obxectivo a acadar polas partes é a regulación das bases de colaboración para a constitución, posta en funcionamento e xestión, dunha serie de actividades para a promoción do turismo no ámbito da Mancomunidad Terras de Pontevedra a través da priorización de accións de promoción, difusión e dinamización dos recursos baseados na Arte Rupestre que é o recurso turístico máis característico da comarca.





Que a través deste convenio, outórgase á Mancomunidade de Terras de Pontevedra unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

